

## CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

### CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 27 de xullo de 2020, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 28 de xullo de 2020.


Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

*«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».*

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 28 de xullo de 2020 ás 13:45 horas, en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 17.07.2020.
2. APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F-2020-33
3. SUBVENSIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA PARA O ANO 2019
4. APROBACIÓN SUBVENSIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA INVESTIMENTOS SOCIOCULTURAI 2019
5. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENSIÓNS PARA INVESTIMENTOS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2020
6. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENSIÓNS PARA ACTIVIDADES A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2020



**CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)**

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

7. CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE SOPORTES METÁLICOS PARA CONTENEDORES EN ZONA RURAL. FCA-2020
8. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO NO CONCELLO DE CEDEIRA
9. DAR CONTA DO DECRETO NÚM. 372/2020 DE DATA 22.07.2020 - APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN FINAL 2020 DA ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA
10. DAR CONTA DA SENTENCIA DE DATA 17.02.2020 DO XULGADO CONTENCIOSO /ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL, PROCEDEMENTO ABREVIADO 202/2019 DE B.F.S. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E MAPFRE ESPAÑA
11. DAR CONTA DA SENTENCIA DE DATA 02.07.2020 RECURSO DE SUPPLICACIÓN 5454/2019 DO T.S.X. GALICIA SALA DO SOCIAL A CORUÑA, J.G.R. CONTRA O INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL, TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, FREMAP, MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS Nº 61 E CONCELLO DE CEDEIRA
12. ASUNTOS VARIOS

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

O Alcalde  
Pablo Diego Moreda Gil